

# DEMASIADO BOAS PARA SER VERDADE

## As lendas urbanas en Galicia

**Antonio Reigosa**

*Escritor e mitólogo.*

*Creador da enciclopedia virtual Galicia Encantada  
e creador e coordinador do proxecto da AELG  
as "Polafias"*

### Sumario

Analizaremos neste traballo o fenómeno universal das lendas urbanas e a súa cristalización na sociedade galega. Unhas lendas modernas cuxa única diferenza existente co resto das lendas é a súa capacidade para reubicarse xeograficamente e para actualizarse, para espirse do anacrónico nas sucesivas transmisións e reforzar aínda máis a súa credibilidade. Farase un percorrido pola orixe dalgunhas destas lendas urbanas e pola súa temática.

**Palabras clave:** lenda urbana, mito, rumor, roubo de órganos, moza da curva.

### Abstract

This paper will examine the universal phenomenon of urban legends and their crystallisation in Galician society. A modern legend whose only difference with other legends is its ability to place itself geographically and to renew itself, to remove the anachronistic in successive transmissions and further strengthen its credibility. There will be a tour of the origin of some of these urban legends and their themes.

**Keywords:** : urban legend, myth, rumour, organ theft, girl of the bend.

O noso país non é alleo á moda das lendas urbanas, un fenómeno popular universal cuxa difusión se multiplicou enormemente a través da televisión, radio, xornais e revistas, literatura, cine, cómic e, sobre todo a través de internet, o gran altofalante deste tipo de relatos.

As lendas urbanas, a pesar de chamárense tamén modernas ou contemporáneas son, sen embargo, como todas as demais lendas que coñecemos, narracións breves que refiren sucesos sorprendentes ou raros, xeralmente de carácter extraordinario ou sobrenatural. Como todas as demais lendas, éstas tamén foron transmitidas tradicionalmente por vía oral aínda que agora se difundan case exclusivamente en soporte impreso, audiovisual ou

virtual. Para ter éxito e perdurar na cadea de transmisión, sexa oral ou calquera outra, o sucedido que se narra ten que ser creíble tanto para quen conta como para quen escoita.

A credibilidade das lendas, acreditar na posibilidade de que o narrado poida ser considerado a crónica dun suceso real, susténtase na súa localización nun entorno xeográfico e na identificación dos personaxes que a protagonizan, que deben ser "coñecidos" e ter relación co pasado próximo ou co presente do narrador (parente, curmán, veciño...). Só hai algúns matices que distinguen as lendas urbanas das demais lendas, un par de características que as diferencian das tradicionais: o tempo e a localización. Mentres que as demais lendas soen

referirse a un pasado, incluso remoto, as lendas urbanas sitúanse sempre nun tempo actual ou moi recente, e as localizacións (estradas, discotecas, tendas, coches, hoteis, avións...) son edificios, lugares ou aparellos actuais.

Eís, pois, a única diferenza existente entre as chamadas lendas urbanas, modernas ou contemporáneas, co resto das lendas: a súa capacidade para reubicarse xeograficamente e para actualizarse, para espirse do anacrónico nas sucesivas transmisións e reforzar aínda máis a súa credibilidade. E rexeitemos, xa de paso, ese tópico que relaciona a cultura popular en exclusividade co mundo rural, cos vellos e as vellas como únicos gardadores dese saber, cando a realidade nos di que tamén no mundo urbano, e entre a xente nova, se fai uso destas ficcións aínda que as clasifiquemos como urbanas, modernas ou contemporáneas para distinguilas das outras.

Este, e non outro, é o segredo do éxito e da popularidade das lendas urbanas. Mais as lendas urbanas, son, na maioría dos casos, tan antigas coma todas. Agás a súa capacidade intrínseca para actualizarse, nada mudou nos seus núcleos narrativos nin na esencia da ficción.

### Orixe dalgunhas lendas urbanas

A orixe das lendas urbanas soe ser, como o das demais lendas, moi recuado aínda que, por outra parte, como afirma a estudosa Linda Dégh, todas as lendas son, necesariamente contemporáneas.

Sorprende descubrir que lendas tan aparentemente actuais como a *A moza da curva* ou *A autoestopista pantasma* teñan precedentes na

*Iliada*, na *Odisea*, ou nos relatos mitolóxicos e haxiográficos que describen conductiones de almas entre este e o Outro Mundo.

*Unha noiva estaba esperando polo noivo na igrexa pero o noivo, polo visto, cambiara de idea e non se presentou. Entón a noiva subiu a un coche e fuxiu sen que os invitados á voda fosen capaces de detela.*

*A noiva colleu pola estrada de Baiona cara A Guarda e nunha curva moi perigosa, en Santa María de Oia, concello de Oia (Pontevedra), que non viu pois caía unha treboada moi forte e ademais as bágoas impedíanlle a visión, envorcou e morreu.*

*Dende entón se alguén pasa nunha noite de mal tempo polo cabo Silleiro pode ser que se tope coa pantasma da noiva no medio da estrada e que chama polo que pasa. Segundo uns chama para avisar á xente que teña coidado na curva na que ela morreu; segundo outros, o que realmente desexa é que o conductor se mate e así poder ter xunto dela a pantasma dun home como castigo polo que lle fixera o noivo en vida. Sexa o que sexa, moito olliño con esa estrada; con noiva fantasma ou sen ela é moi perigosa.*

[Texto elaborado segundo a información facilitada por Pedro Salgueiro Sexto, O Porriño (Pontevedra) para a web Galicia Encantada ([www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com))]

A historia do mozo que logo de pasar a noite cunha moza nunha discoteca, e de levala á casa no seu coche, descubre ao día seguinte que esa moza xa levaba un ano morta (encuentro amoroso ou sexual entre un vivo e unha

pantasma), ten precedentes na literatura chinesa do séc. III. Verónica, a pantasma que se aparece de noite nos espellos, as historias da *gūija* que todos practicamos algunha vez por ver de comunicarnos con supostos espíritos, ou as referidas a vampiros, ladróns de órganos, menciñas feitas coa graxa, sangue, pel, cabelo ou vísceras humanas, todas teñen na literatura medieval e moderna correspondencias sorprendentes.

*Non se sabe se é certo ou non, pero díse que hai moitos anos, alí cerca de Triabá, Castro de Rei (Lugo), vivía unha vella que era mala coma unha meiga. Un día, tres homes do pobo decidiron darlle unha boa malleira. Os tres homes foron á casa da vella, cada un co seu pau. Entraron na casa e alí encontráronse coa vella e déronlle unha malleira de morte. A vella, antes de morrer, botoulle unha maldición a un deles. Os homes, por medo a que os descubrisen, foron a un forno que había alí cerca e queimárona. O home, ó que lle botara a maldición a vella, foi un tempo ó cárcere e cando voltou encontrouse coa vella que regresara do inferno para levalo a el. Unha vez xunto do home arrancoulle o ril e comeuno, e o mesmo fixo, días despois, co fígado, páncreas, pulmóns...*

*Aquel home apareceu morto dun golpe na cabeza; os médicos que o atenderon e lle fixeron a autopsia sabían que non morrera diso, pero non se atreveron a decilo, pois estaba baleiro por dentro. A vella cumprira a maldición.<sup>1</sup>*



Xunto a este relato, un tema popular daquela comarca recreado literariamente por Xabier P. Docampo no relato "O Fornadas"<sup>2</sup> temos outro que narra un suceso arrepicante, este real e verdadeiro, que trata o tema do roubo de órganos para unha curación e cuxa localización non dista moito desta parroquia de Triabá.

*Sucedeu o 10 de maio de 1911, onde chamán a Legua Dereita, lugar pertencente á parroquia de Nete, concello de Vilalba. Ese día un veciño do lugar foi esfolado en vivo por uns sacamanteigas, homes*

<sup>1</sup> Recollido por José Antonio Valiña Alonso a Dolores González Castro, e publicado no libro: ANACOS DA NOSA CULTURA. Refráns, adiviñas, lendas... Celebracións, oficios... Aparellos... Equipo de Normalización Lingüística do C. P. Veleiro-Docampo, Castro Ribeiras de Lea, Castro de Rei (Lugo), Citania Publicacións, Lugo, 2000.

<sup>2</sup> Este relato forma parte do libro deste autor *Cando petan na porta pola noite*, Ed. Xerías, Vigo, 1994 (Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, 1995).

do unto ou sacaúntos, como queiramos chamarlles, tan crueis e sanguinarios coma os retratados nos clásicos do xénero. Crenzas moi antigas, enraizadas, que consideraban que o corpo humano e as súas partes, órganos ou fluídos, podían ser eficaces remedios curativos para determinadas doenzas están tras o mito que a realidade, como tantas veces, fixo verdade.

En Humanes, Madrid, a esposa do patrón levaba un tempo padecendo un cancro de pel que lle afectaba ao rostro. Os médicos non lle daban esperanzas e un curandeiro que consultou recomendoulle como último remedio posible poñer sobre a parte enferma o peleso da cara dun home desbarbado, sempre e cando a pel lle fose arrincada en vivo.

Todos os implicados no suceso eran veciños e coñecidos, mesmo compañeiros na cuadrilla de segadores que ían cada verán segar ás propiedades do esposo da enferma. O patrón elixiu como vítima a un home de Nete chamado Cabarcos, un home corpulento pero que cumpría a principal recomendación do curandeiro, que fose lampo de cara. E para executar a macabra encomenda contratou a un tal Bautista de Ínsua, maioral da cuadrilla, sospeitoso autor doutro crime anterior e inimigo declarado de Cabarcos.

O día 10 de maio Bautista e tres compinches máis tiveronlle o camiño a Cabarcos entre Fonfría e a Legua Dreita. Levoulles tempo dobregalo; era moito home aquel Cabarcos. Mentres o

esfolaban, os seus berros deberon atronar de tal maneira toda a Chaira que o tiveron que rematar con dous tiros de escopeta polas costas. Disque cando chegou a pel a Humanes uns dous meses despois envolta nuns coiros de xamón, a enferma xa non a precisaba.

Dos catro implicados, todos veciños das parroquias de Ladra e Ínsua, un fixiu a Cuba e os outros foron detidos aínda que só Bautista foi condenado a 28 anos de cárcere<sup>3</sup>.

## Os temas das lendas urbanas

Excede con moito as limitacións deste artigo entrar en miudezas sobre a soberbia variedade temática que tratan as lendas urbanas. Limitarémonos a enunciar uns cantos motivos presentes neste tipo de relatos, recoñecibles para a maioría dos lectores, e acompañalos con algún que outro exemplo tirado da nosa tradición oral.

Xa nos referimos a algunhas que tratan sobre pantasma ou espíritos, aos vencellados ao tráfico de órganos (lembrede os personaxes míticos cos que nos asustaban na nosa infancia como o Sacaúntos, Sacamanteirgas, o Home do Saco, Lobishome, Cocos, Chuchonas...) que mesmo implicaban aos boticarios como intermediarios necesarios para conseguir os prezados untos ou graxas dos cativos.

Agora chégannos mensaxes a través do correo electrónico ou das redes sociais que nos prevenen contra posibles ataques terroristas nunha ou noutra data, nunha estación ou nun aeroporto. Como tamén nos chegan por estes medios, ou a través de noticias nos xornais, recados que nos informan da procedencia ou

<sup>3</sup> Reigosa, A., "O crime da Legua Dreita", *El Progreso*, 2 de maio de 2010.

da deficiente sanidade das carnes de determinadas cadeas alimentarias, ilustrando con exemplos algún sucedido: o caso do chip dun can que se aparece no medio dun petisco, dunha hamburguesa ou dunha salchicha. Derivado deste tema hai outro que goza de enorme fortuna na cadea de transmisión deste tipo de lendas: onde enterran os chineses aos seus finados?

A rumoroloxía soe especular cos posibles usos deses corpos aínda que hai pouco, segundo consta na prensa local, a punto se estivo de descubrir un deses enterramentos. Contaba un xornal que os veciños de Rodeira, en Cangas do Morrazo, denunciaron diante da policía local e da garda civil movementos estraños nun soar situado xusto en fronte dun bazar rexentado por chineses. Observaran que se remexera terra e que varios individuos ían con regularidade a aquela finca, que entraban descalzos e que se supuña que ían rezar sobre a tumba dalgún familiar.

Cando a garda civil inspeccionou o lugar comprobou que o que realmente facían aquelas persoas era coidar unha plantación de cabazas e que as supostas tumbas non eran máis ca regos ou sucos para sementar as plantas<sup>4</sup>.



Outro motivo recorrente é o das casas encantadas ou malditas como a Casa do Demo de Anllóns ou estoutra casa que hai en Portocelo, Xove (Lugo):

*En Portocelo, Xove (Lugo), hai un edificio de pedra construído no século XVIII ou XIX, de muros grosos, cuberta a catro augas e espléndidas vistas ó mar. Nin o*

*actual propietario, nin os seus devanceiros inmediatos, viviron nela. E mesmo contan que o que a fixo era un tipo raro. Na casa pasaron e aínda pasan cousas raras. Unha vez que durmiron nela unha cuadrilla de homes, amenceron ó día seguinte coas cabezas postas no lado contrario do que se deitaran e cos cordóns dos zapatos amarrados ós do que tiñan ó lado.*

*Teñen metido burros a durmir nela e pola mañá amencen cubertos de suor, unha pinga en cada pelo. Non hai moito tempo un home de Viveiro quedara antes do amencer diante da casa co dono para andar ó calamar; e viu como a cadea da leña estaba atravesada de parte a parte da estrada. Máis*

*soprendido quedou o dono da casa cando llo contou; había moito tempo que non se andaba coa tal cadea. E tamén hai pouco meteron na casa patacas da semente de tamaño normal pero ó día seguinte aquelas patacas mer-*

<sup>4</sup> "La calabaza china", Faro de Vigo-O Morrazo, 26 de abril de 2011.

*maran ata o tamaño dun ovo de pomba. Seguro que hai máis rarezas desta casa que non coñecemos, pero agardámolas.*<sup>5</sup>

[Texto reproducido na web Galicia Encantada [www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com)]

Tamén se conta de edificios construídos sobre antigos cemiterios, colexios, hospitais...

Pantasma, seres terroríficos, mascotas exóticas como os cans, que en realidade son ratas do deserto, ou as cobras que lle toman a medida ao dono para logo engulilo, coca cola, caramelos ou madalenas con droga, monecas asasinadas, tolos soltos, buzos que se aparecen no cumio dunha montaña despois de ser "cazados" polos avión apagalumes, enterrados vivos, monstros que saen da taza do váter, crimes horribles, apócemas, sorprendentes encontros sexuais, embarazos prodixiosos... Quen non oíu contar que alguén tropezou co rei de España nalgunha estrada perdida cando ía na súa moto? Pois iso.

Para rematar con esta breve escolma tipolóxica das lendas urbanas recompiladas en Galicia, velaí unha versión dunha das máis populares:

*Unha rapaza de Monforte ía de noite no seu coche pola estrada cara a Lugo. Nun punto do camiño veu vir de fronte un coche sen luces; entón quixo chamarlle a atención ao conductor e fíxolle intermitencias coas luces largas. Pouco despois aquel coche, vese que deu a volta, píxose detrás do seu e botóuse-lle enriba ata que provocou que se saíse*

<sup>5</sup> COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, *A fonte da vida longa*, Concello de Xove, 1989, p. 46.

*da estrada e que embarrancase na cuneta. Os que ían no coche aquel violárona e logo preguntáronlle:*

*—Que prefires? Sorriso de pallaso ou gravata?*

*O sorriso de pallaso consíste en que che fan un pequeno corte cunha navalla nos beizos e logo, cando berras ou choras váiseche agrandando. Hai quen di que botan zume de limón ou sal na ferida para que escoza e doia máis; e que aos homes lles dan patadas nos testículos e ás mulleres no estómago para que berren. A gravata consíste en que che fan un burato na gorxa e logo sácanche a lingua para fóra e queda coma se fose unha gravata. Non se sabe o que escolleu a rapaza pero acabou moi magoada no hospital. Ou polo menos, iso é o que se di.*

[Texto remitido por alumnos/as de 3º de E.S.O. (curso 2005-2006) do I.E.S. Xograr Afonso Gómez, de Sarria (Lugo) para a web Galicia Encantada

[www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com)]

Para que se vexa ata que punto acredita a xente na veracidade detes relatos, este é o comentario que Cristina L. F. remitiu a propósito da publicación desta lenda:

*Pode que algunha xente pense que isto é unha lenda, pero non o é. Eu, cando tiña uns 14 anos, coñecín a dúas persoas ás que lle fixeron o que se chama aquí "Sorriso do Paiaso". Nós chamabámoslle "O sorriso do Joker". Existiu un colectivo de xente en Vigo que llo fixo a catro persoas que nós saibamos... Poderían ter sido máis tranquilamente.*

*Eu as vin, vin as marcas na boca dun coñecido daquelas e non eran moi pequenas precisamente. I é certo que lle dixeron iso de "Sorriso ou morte". Pode que nalgúns casos fose unha lenda, pero noutros a realidade superou á ficción.*

### O rumor: a semente da lendas urbanas

A lenda urbana, ademais de ser literatura de ficción, por tanto unha mentira, tamén pode ser unha potentísima arma cargada de malas intencións. A lenda urbana é un rumor elaborado, un discurso literario construído a partir dunha invención.

Do rumor nacen sospeitosos ou presuntos delincuentes, do rumor nacen pretendidas aparicións milagrosas de santos, santas e virxes que de cando en cando enchen páxinas de

xornais e horas de televisión. Do rumor que se acomoda nunha tradición nace a lenda, e se esa lenda se actualiza, se moderniza, estará entre as que chamamos urbanas modernas ou contemporáneas.

*Un día empezouse a rumorear que un tolo escapara dun manicomio próximo á cidade de Lugo; polo visto era un personaxe moi perigoso e estaba totalmente transtornado. Esa mesma noite unha*

*parella de namorados a punto de casar decidiron ir pasar a noite a un monte preto do manicomio sen decatarse da fuxida do tolo.*

*Cando estaban a piques de chegar a aquel lugar o coche quedóuselles sen gasolina e tiveron que parar na estrada. O home decidiu ir buscar a gasolina mentres que a noiva quedaba vixiando o coche. Xa pasaran dúas horas e o mozo aínda non volvera, a rapaza estaba moi asustada e nerviosa, cando, de repente, empezou a escoitar uns sons moi fortes*

*no teito do coche. Ela atemorizada sae do coche correndo e cando estivo un pouco alonxada mirou para atrás e viu no teito do coche un home cunha cabeza humana na man.*

*Puido recoñecer a cabeza; era a do seu noivo. A rapaza entrou en crise nerviosa e aínda agora non se recuperou. Está internada no mesmo manicomio onde estaba o tolo quen, por certo, foi detido uns minutos despois.*

[Texto elaborado por Ruth Fernández Otero, alumna de 4º de ESO no IES Virxe dos Ollos Grandes (Lugo), ano2007, recollido de Mery para a web Galicia Encantada ([www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com))]

### O roubo de órganos

Aló polo ano 1768 máis de 15.000 persoas asaltaron a Escola Médica de Lyon, crendo o rumor de que había cirurxáns que roubaban nenos para disecalos. Diciase que os membros da Congregación dos Oratorianos tiñan escon-




dido un príncipe cun só brazo e todas as noites raptaban nenos para cortarlles un brazo, a ver se lle servía ao príncipe. A intervención da policía provocou 6 mortos e 25 feridos.

Douscentos anos despois, en 1994, na cidade de Guatemala circulouse o rumor de que aparecían cadáveres de nenos pobres polas rúas, vítimas de estranxeiros "gringos robachicos" que lles extraían os órganos. Houbo graves incidentes e a policía tivo que protexer da xente e sacar clandestinamente do país á americana Melissa Larson, unha estranxeira sospeitosa. Na cidade de Lugo, como noutras moitas vilas e cidades de Galicia, tamén se conta esta historia:

*atárona, logo metérona nun lugar escuro e déronlle unhas pastillas para que se quedase dormida. Pouco despois o rapaz notou que a súa noiva tardaba moito e entrou no almacén pero dixerónlle que alí non quedaba ninguén; entón colleu o móbil e chamou á policía para que fosen ver o que pasara.*

*Cando a policía chegou e entrou no almacén viron a un grupo de cinco chineses ao redor dunha muller, a noiva do rapaz, que estaba no chan inconsciente pois os chineses pretendían quitarlle os órganos e traficar con eles. Ó decatarse disto, a policía detivoos e precintoulles o almacén.*



[Texto elaborado por Patricia Vázquez Rodríguez, alumna de 4º de ESO no IES Virxe dos Ollos Grandes (Lugo), ano2007, recollido de Aurora, muller de Portomarin, para a web Galicia Encantada ([www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com))]

*Contáronme que hai uns meses, no almacén dos chineses que hai no Ceao, os policías tiveron que arrestar a uns chineses que traballaban alí.*

*Resulta que no momento de cerrar o almacén saía del unha parella. Cando estaban fóra, a muller decatouse de que lle quedara o bolso dentro do establecemento e foi por el mentres o seu noivo agardaba.*

*Cando entrou, uns chineses collérona e*

### Rumor, lenda urbana e xenofobia

Os trasplantes de órganos comezaron a ter éxito moi recentemente, a partir dos anos 50 do séc. XX, e nunca se probou que causaron alarma social. Na Francia das primeiras décadas do s. XX eran moi populares as lendas que referían o roubo de mulleres en tendas de lençería rexentadas por xudeos co obxectivo de forzalas a prostituírse, e en Italia contábase de raptos de nenos para o tráfico de órganos. A



finais do s. XX e na primeira década do XXI, en España, Portugal e noutros países do mundo, popularizouse por vía oral, a través da prensa e de internet a mesma lenda coa variante de que agora sucede nunha tenda rexentada por orientais.

*A aparición e difusión deste tipo rumores, nunca certos, son unha reacción da nosa sociedade fronte ao fenómeno da implantación masiva das tendas de chineses. Son produto do medo ao diferente; só iso*<sup>6</sup>.

#### IV Xornadas de Literatura de Tradición Oral 2011: Lendas urbanas. Mitos e ritos dos tempos modernos.

Non esgotamos aquí o tema nin moito menos. Só embocamos a realidade destes medos tan aparentemente modernos que, sen embargo, forman parte das nosas máis profundas e antigas conviccións culturais. Se cadra, noutra xeira, retomemos o asunto.

Os días 28 e 29 de outubro do pasado 2011 celebráronse en Lugo as IV Xornadas de Literatura de Tradición Oral, que desta volta xiraron arredor do tema "Lendas urbanas. Mitos e ritos dos tempos modernos". Esta entrega, coordinada pola Sección de Literatura Oral da Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) e patrocinada pola Área de Cultura da Deputación de Lugo, contou con recoñecidos expertos que disertaron sobre algúns aspectos deste xénero da literatura tradicional. Nas xornadas interviron Gerardo Fernández Juárez, que falou dos Kharisiris de agosto no Altiplano aymara boliviano; Bruno

Cardeñosa, tratou o tema dos ovnis; J. Joaquim Dias Mendes, falou do roubo de órganos nas tendas de chineses en Portugal, e Fito Rodríguez que disertou sobre o rumor como arma de conflito no País Vasco. Tamén se realizaron dúas mesas redondas e as xornadas remataron cun obradoiro sobre diferentes tipos de lendas urbanas a cargo Celso Fernández Sanmartín. Como vén sendo costume, a AELG editará as actas correspondentes a estas xornadas.



<sup>6</sup> Reigosa, A., "A lenda do roubo de órganos", *El Progreso*, 3 de xaneiro de 2010.



#### Para saber máis:

-**BRUNVAND, JAN HAROLD**, *El fabuloso libro de las leyendas urbanas: demasiado bueno para ser cierto*, 2 vol. Alba, Barcelona, 2002.

-**FROISSART, PASCAL**, "Des images rumorales en captivité: Émergence d'une nouvelle catégorie de rumeur sur les sites de référence sur éternet" en *Protée*, vol. 32, nº 3, 2004, páx. 47-55.

-**PEDROSA, J. M.**, *La autoestopista fantasma y otras leyendas urbanas españolas*, Páginas de Espuma, Madrid, 2004.

#### Algunhas recomendacións sobre lendas urbanas en internet:

-Centro per la Raccolta delle Voci e delle Leggende Contemporanee (Lendas urbanas italianas): <http://woody.clab.it/cp/leggende>

-Estasmuerto.com (Rumores, lendas urbanas, esoterismo): <http://www.estasmuerto.com>

-Foafale News On-Line (Portal imprescindible para o estudo das lendas urbanas): <http://www.folklore.ee/FOAFtale/ftn11.pdf>

-Galicia Encantada (Lendas urbanas): [www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com)